

A FOCHA (*Fulica Atra*)

Juan Ramón Rey Gómez

Iniciamos, con este, unha serie de capítulos que irán aparecendo periodicamente nesta publicación e que teñen por obxecto a descripción dalgunhas das especies más representativas da nosa ornitoloxía, centrando-nos fun-


mente viñeron sofrindo (coa desaparición de interesantísimos ecosistemas como a lagoa de Antela), conllevaron o natural decaimento e diminución na povoación dos organismos que dependian deses meios para a sua supervivencia. E iniciamo-la coa focha, unha especie que se ben non pode considerar-se como simbólica do noso país, si é unha ave que, polo seu número, polo seu sedentarismo e pola sua grande vinculación ao meio acuático (do que dependen totalmente para a sua supervivencia), considerámos oportuno incluir na nosa primeira entrega.

Fenoloxia e distribución

A focha, da cal povoan a Península Ibérica duas especies, a comun e a cornuda (*Fulica armillata*), estando só a primeira na Galiza, é un árido adaptado á vida acuática e ao buceo que habita fundamentalmente águas estancadas e de corrente lenta, ricas en alimentos que superen unha determinada superficie, que soe situarse en torno aos 100 m., ainda que en Centro e Norte de Europa se pode encontrar como un dos habitantes dos estanques que hai nos parques urbanos.

É unha ave realmente inconfundible polo seu aspecto robusto que lembra ás galináceas e pola sua plumaxe totalmente negra (moito más intensa na zona do pescozo e cabeza), pero que como característica más destacábel ten o seu pico de cor branca nivea que se prolonga na frente, dando lugar a un escudete da mesma tonalidade. Posue, ademais, unhas extremidades posteriores de cor verde oliva, e a diferencia de moitas outras acuáticas non presentan membrana interdigital que une os distintos dedos entre si, senón que teñen unha membrana lobulada perfectamente apta para a natación. O seu voo é rápido e enérgico e como característica más sobresalente está que as fochas deixan as patas colgantes durante o mesmo.

Ten unha distribución amplísima e encontra-se presente no noso país en praticamente todas as superficies destacadabeis de agua doce (embalse



damentalmente na avifauna das zonas húmidas da Galiza: paraxes, encharcadas, lacustres, de marisma, cuxa importancia na bioloxía de certas especies foi fundamental -segue a sé-lo nalguns casos- e que, debido á regresión que paulatina-

de Sabón, Cecebre; estuários como o do Miño; ríbeiras de ríos como o Louro, etc.) en número que raramente supera os dous centenares, poboación que se ve mermada en verán coa marcha dos reforzos invernais procedentes de

palustres, feito que de por si non fai que o seu número decreza, pero si o fai a constante regresión dos medios que habita. Os pintaiños de focha serven moi a miúdo de alimento a garzas, aguieiras, raposos, lontras e corvos.



Centroeuropa.

A gran porcentaxe que esta especie supón nos efectivos das aves acuáticas fai que absorva gran parte da presión predadora nos ecosistemas

Comportamento


En canto ao que ao seu comportamento se refiere, o primeiro que nos chama a atención é o seu

enorme degrau de adaptación e de dependéncia con respecto ao meio acuático no que se pasan grande parte da sua vida, incluso pola noite. A focha é unha excepcional buceadora, realizando imersións de duración variábel, dependendo da profundidade da zona na que se encontren a fin de extrair alimento do fundo, que soe consistir en talos de plantas acuáticas, larvas, insectos e incluso pequenos vertebrados que logo inxerirá unha vez na superficie. Para bucear a focha só utiliza as suas patas, nunca as suas asas.

O aseo tamén representa unha parte moi importante da vida cotidiana da focha, dedicando a isto gran cantidade de tempo.

fochas van-se aillando cada vez más e van constituindo os seus propios territorios; é nesta época cando ten lugar a meirande parte dos confrontamentos, disputas que se producen coas patas e más concretamente coas suas afiadas uñas, coas que se provocan grandes feridas que, en casos, provocan a morte dalgún dos contrincantes. Logo o macho vencedor cortexa a fémia, ofrecendo-lle alimento, nadando ao seu redor e picoteando-lle na zona occipital da cabeza.

Unha vez formada a parella, esta constrúe o niño en medio intrincada maraña de plantas da beira, pero sempre flotante sobre unha base fabricada



Sen dúvida, unha das pautas más características da focha é o que os ornitólogos deron en chamar o «corre-voo», na cal a focha corre sobre a superficie da agua batendo as asas, pero sen chegar a despegar dela na meirande parte das ocasións e que se produce ante determinados perigos ou ante un individuo dominante da mesma especie.

Reproducción

A medida que se aproxima o período de cio, as

sobre algas e lama na que se asenta o niño propriamente dito, duns 35 cm. de diámetro, e no que a fémia deposita entre marzo e abril de cinco a dez ovos, incubando-os ambos sexos por espacio duns 22-23 días.

Os pintaiños son nidí fugos, abandonando o niño por unha rampa construída polos seus proxenitores a tal fin, para así poder-lles ensinar as técnicas de buceo e captura de alimentos, abandono nando-os ás oito semanas para efectuar a muda.